



Bases dos Premios á **Transferencia de Tecnoloxía** en Galicia 2021



Bases simplificadas



Presentación telemática

A axeitada transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo está considerada unha estratexia prioritaria a nivel global para incrementar o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio. No caso de Galicia, estes procesos veñen sendo impulsados con resultados que convén recoñecer a través de casos de éxito que sexan difundidos á cidadanía e sirvan como referencia inspiradora para persoal investigador e empresas.

3 PREMIOS

Premio “Francisco Guitián Ojea”
a un traballo de investigación aplicada

Premio “Fernando Calvet Prats”
a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía dun grupo de investigación

Premio “Ricardo Bescansa Martínez”
a un caso de éxito de implantación de tecnoloxía transferida a empresas

PRAZO ABERTO

DO 1 DE MARZO ATA O 30 DE ABRIL



Organiza:



RAGC
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

En colaboración con:



**XUNTA
DE GALICIA**

3.- CONDICIÓN A CUMPRIR

- a.- No caso do premio “Francisco Guitián Ojea”, a persoa solicitante debe ter a autoría e, en caso de ser varias, ten que contar coa autorización das demais. Nesta autorización especificarase o grao de participación de cada coautoría. O traballo pode ser inédito ou estar xa publicado, neste caso con posterioridade ao ano 2018.
- b.- No caso do premio “Fernando Calvet Prats”, a persoa solicitante deberá contar coa aprobación explícita de quen ostente a representación legal da empresa.

4.- PROCESO DE PRESENTACIÓN DE PROYECTOS

A participación será tramitada de xeito telemático a través dun formulario electrónico específico para cada modalidade e dispoñible nas webs da Real Academia Galega de Ciencias (ragc.gal) e da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal) a partir do 1 de marzo, data na que se abre o prazo de recepción de solicitudes.

Unha vez descargado e cumprimentado, o formulario –destinado aos datos básicos de identificación da autoría da solicitude– será enviado por correo electrónico a ptt@ragc.gal, acompañado dunha memoria descriptiva dunha extensión máxima de 15 páxinas e dos documentos acreditativos sinalados nos formularios (todo –memoria e documentación– nun único arquivo en formato PDF e cun tamaño non superior aos 5MB).

No premio “Francisco Guitián Ojea”, ademais do traballo de investigación, valorarase a presentación de potenciais indicadores da calidade do traballo (índices de impacto, citas recibidas, etc.).

Nos premios “Ricardo Bescansa Martínez” e “Fernando Calvet Ojea”, ademais do proxecto, valorárase a presentación de evidencias do éxito da transferencia (contratos de transferencia, patentes, abono de regalías, vendas, impacto en facturación, etc.).

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de candidaturas comezará o **1 de marzo** e rematará ás 15 horas do **30 de abril**.



Bases dos Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2021

6.- XURADO

O xurado estará presidido polo Presidente da RAGC ou a persoa na que delegue e contará con seis vogalías: dúas a proposta de Gain, dúas a proposta da RAGC, unha a proposta do IGAPÉ e unha a proposta da Confederación de Empresarios de Galicia. Ocupará a secretaría unha das persoas que ostente unha das vogalías proposta pola RAGC.

Para a súa constitución válida o xurado deberá de contar, como mínimo, con cinco dos seus membros. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.

7.- OTRAS OBSERVACIONES

Quen gañe os premios autoriza expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo.

Aplicaranse aos premios as retencións que, se é o caso, estean previstas na vixente norma tributaria.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídas as candidaturas que non se axusten ás mesmas.

